

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000922	IES María Soliño	Cangas	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Latín	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A materia de Latín de 4.º de ESO comprende distintos bloques de contidos de igual importancia, mais que non poden recibir nin unha mesma asignación horaria, nin un mesmo peso á hora de avaliar a materia.

Esta programación priorizará os contidos e criterios do bloque 3 (Comprensión e interpretación de textos), que representarán o 75% do peso na cualificación final, fronte aos contidos e criterios dos demais bloques (O presente da civilización latina, Latín e plurilingüismo, Legado e patrimonio) que representarán o 25%.

A distribución das unidades didácticas responde á organización do curso por avaliacións. Desta maneira, establécese unha unidade didáctica para cada trimestre, na que se combinan progresivamente, de xeito transversal, os contidos dos distintos bloques, para favorecer unha visión filolóxica da lingua latina a través dos distintos contidos de carácter cultural, histórico-lingüístico, etc. A tal fin, considérase conveniente comezar o curso cunha introdución sobre a historia das linguas indoeuropeas e o latín, así como a propia historia de Roma para xustificar a introdución dos contidos lingüísticos.

Nas seguintes avaliacións, a medida que se vaia avanzando na lingua latina, utilizaranse como acompañamento outros aspectos culturais que conectan pasado e presente (as clases sociais e institucións políticas na segunda avaliación; a literatura, o legado e a mitoloxía na terceira).

En canto ao peso das unidades didácticas, hai que salientar que cada unidade vai tendo máis peso que a anterior debido á progresividade dos contidos gramaticais e ao incremento da dificultade de tradución, dado que os coñecementos adquiridos son acumulativos e están en continua revisión. Deste modo, a primeira avaliación terá un peso do 20%, a segunda un 30% e a terceira un 50%.

Queda, finalmente, un aspecto por tratar: o alcance dos contidos gramaticais. Á hora de elaborar esta programación partiuse dunha dobre premisa. Por unha banda, a materia de Latín de 4.º de ESO debe ser considerada como o primeiro ano de lingua latina para o alumnado que opte polo Itinerario de Humanidades no bacharelato. Por outra, debe ser considerada como un achegamento á lingua latina para o alumnado que posteriormente non escolla a devandita modalidade de bacharelato ou ben opte por outro tipo de estudos.

Así pois, optouse por abordar uns contidos reducidos para potenciar a aprendizaxe non reflexiva da gramática básica e a dunha grande cantidade de vocabulario tamén básico, no que se inclúen fórmulas comunicativas orais e escritas. O alumnado, ao remate do curso, coñecerá en profundidade a categoría gramatical que lle resulta máis estraña, o caso, mais non todos os modelos flexivos do nome e do pronome. Na morfoloxía verbal non irá máis alá dos tempos simples e da voz activa, se ben se pode introducir marxinalmente a voz pasiva para explicar fórmulas ou expresións idiomáticas. Déixanse para outros cursos, pois, as formas non persoais do verbo, coa excepción de infinitivo de presente activo e un primeiro achegamento ás construcións de infinitivo con acusativo, así como a forma de participio de perfecto que coincide co noso participio.

Tamén estarán fóra dos obxectivos deste ano a gradación do adxectivo; dedicarase, en cambio, moito tempo ao uso correcto das preposicións, conectores básicos e os adverbios (incluída a súa formación). Con este deseño da programación, o que se pretende conseguir é que o alumnado, ao cabo do curso, teña un coñecemento ben consolidado polo uso dunha morfoloxía básica do latín e, ademais, un coñecemento importante de vocabulario e das construcións sintácticas básicas máis frecuentes. Isto será, para o alumnado que continúe polo Itinerario de Humanidades, a base sobre a que proseguir o seu estudo e coñecemento da lingua latina.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar o papel da civilización latina na orixe da identidade europea, comparando e recoñecendo as semellanzas e diferenzas entre linguas e culturas, para analizar criticamente o presente.	2	2-3				1		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Coñecer os aspectos básicos da lingua latina, comparándoa coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, para valorar os trazos comúns e apreciar a diversidade lingüística como mostra de riqueza cultural.		2-3	1				3	
OBX3 - Ler e interpretar textos latinos, asumindo a aproximación aos textos como un proceso dinámico e tomando conciencia dos coñecementos e experiencias propias, para identificar o seu carácter clásico e fundamental.	2	1-2	1		4			1
OBX4 - Comprender textos latinos orixinais e adaptados e producir textos orais ou escritos breves en latín, traducindo do latín á lingua de ensino ou desenvolvendo estratexias de acceso ao significado dun enunciado sinxelo en lingua latina, no primeiro caso, e seguindo modelos dados, no segundo, para alcanzar e xustificar a comprensión propia dunha pasaxe ou a produción dun texto, oral ou escrito, sinxelo en latín.	2	2-3	1	2				
OBX5 - Descubrir, coñecer e valorar o patrimonio cultural, arqueolóxico e artístico romano, apreciándoo e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para identificar as fontes de inspiración e distinguir os procesos de construción, preservación, conservación e restauración, así como para garantir a súa sustentabilidade.		3		1-3		1-4		1-2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Lingua e cultura latina I	O latín, lingua indoeuropea. Historia da lingua latina e evolución do alfabeto. Latinización e romanización. Transmisión textual: materiais e soportes da escritura. Períodos da historia de Roma. Achegamento ó papel do humanismo. Introducción á flexión nominal: clases de palabras, os casos latinos. Introducción á sintaxe casual. As declinacións latinas: primeira e segunda declinacións (substantivos e adxectivos). Introducción á	20	41	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Lingua e cultura latina I	flexión verbal: as conxugacións, presente e imperfecto de indicativo. Evolucións fonéticas do latín ás nosas linguas. Formación de palabras. Latinismos. Textos e contextos.	20	41	X		
2	Lingua e cultura latina II	Institucións políticas. Modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana: as clases sociais e o papel da muller. Flexión nominal: terceira declinación (substantivos e adxectivos). Flexión verbal: Futuro imperfecto e pretérito perfecto indicativo. Sintaxe casual. O sistema preposicional. Principais conxuncións: a oración composta. Evolucións fonéticas do latín ás nosas linguas. Formación de palabras. Latinismos.	30	31		X	
3	Lingua e cultura latina III	Obras fundamentais da literatura latina. Legado material e inmaterial: sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas, mitos clásicos e relixión... Pegadas da romanización no patrimonio da contorna. Flexión nominal: cuarta e quinta declinacións. Flexión pronominal. Os numerais. Flexión verbal: pretérito pluscuamperfecto e futuro perfecto de indicativo. Formas nominais do verbo: Participio perfecto e infinitivo presente. Evolucións fonéticas do latín ás nosas linguas. Formación de palabras. Iniciación ó significado etimolóxico das palabras.	50	33			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Lingua e cultura latina I	41

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes, así como os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico, relacionando os datos con referentes actuais e aplicando os coñecementos adquiridos.	Identificar e explicar os períodos da historia de Roma, así como os acontecementos e personaxes máis relevantes.	PE	95

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos.	Valorar a diversidade á que dá orixe o latín, identificando as semellanzas e as diferenzas entre os seus elementos e os das linguas propias; concretamente, explicando os procesos de evolución fonética que tiveron lugar desde os étimos latinos ata os resultados nas linguas romances actuais.		
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos das linguas do repertorio propio e proponendo a correspondencia dos étimos nas linguas romances actuais (fundamentalmente, o galego e o castelán).		
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar o caudal léxico incorporando, de maneira coherente, latinismos e locucións usuais de orixe latina en construcións cotiás redactadas nas linguas de ensino.		
CA3.1.1. - Interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Interpretar e explicar os elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos esenciais da lingua latina, con especial atención á correcta comprensión e desenvolvemento de modelos flexivos dos sistemas de flexión nominal e verbal.		
CA3.1.2. - Analizar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Analizar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos esenciais do latín, identificándoos e comparándoos cos das linguas propias, con especial atención, na análise dos elementos lingüísticos das oracións, á distinción da clase de palabras, caso, xénero, número e funcións sintácticas desempeñadas.		
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar oracións e textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta nas linguas de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.		
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir, mediante retroversión, oracións de dificultade axeitada, utilizando as estruturas propias da lingua latina e partindo das linguas de ensino.		
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar o carácter clásico e humanista da civilización latina a través da toma de conciencia sobre os procesos de transmisión textual (os materiais e os soportes de escritura...) e a comprensión das orixes do latín (o indoeuropeo) e as súas fases.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar o carácter clásico e humanista da civilización latina a través de textos seleccionados.		
CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.	Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias de textos latinos seleccionados, contextualizándoo e identificando referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas.	TI	5
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos seleccionados, atendendo ao contexto en que se produciron e valorando como contribúen a entender a nosa sociedade.		
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo. - Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade. - Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura. - Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos. - Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión... - Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia. - O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado. - Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín. - Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino. - Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado. - Iniciación ao significado etimolóxico das palabras. - Latinismos e locucións latinas máis frecuentes. - Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual.

Contidos

- Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.
- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.
- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.
- Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal.
- Introducción á flexión nominal e verbal.
- Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.
- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.
- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.
- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.
- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.
- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.
- A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura.
- Características do patrimonio cultural romano e do proceso de romanización. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

UD	Título da UD	Duración
2	Lingua e cultura latina II	31

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das nosas sociedades a partir do contido de fontes latinas en diferentes soportes.	Valorar e explicar de maneira crítica os modos de vida, costumes, actitudes e clases da sociedade romana.		
CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos.	Valorar a diversidade á que dá orixe o latín, identificando as semellanzas e as diferenzas entre os seus elementos e os das linguas propias; concretamente, explicando os procesos de evolución fonética que tiveron lugar desde os étimos latinos ata os resultados nas linguas romances actuais.		
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos das linguas do repertorio propio e propoñendo a correspondencia dos étimos nas linguas romances actuais (fundamentalmente, o galego e o castelán).		
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar o caudal léxico incorporando, de maneira coherente, latinismos e locucións usuais de orixe latina en construcións cotiás redactadas nas linguas de ensino.		
CA3.1.1. - Interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Interpretar e explicar os elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos esenciais da lingua latina, con especial atención á correcta comprensión e desenvolvemento de modelos flexivos dos sistemas de flexión nominal, verbal e pronominal.	PE	100
CA3.1.2. - Analizar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Analizar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos esenciais do latín, identificándoos e comparándoos cos das linguas propias, con especial atención, na análise dos elementos lingüísticos das oracións, á distinción da clase de palabras, caso, xénero, número e funcións sintácticas desempeñadas.		
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar oracións e textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta nas linguas de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.		
CA4.1.1. - Describir o significado das estruturas institucionais e políticas do presente, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado das estruturas institucionais e políticas do presente, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.		Baleiro	0
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítico da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller. - Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade. - Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura. - Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos. - Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión... - Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia. - Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín. - Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino. - Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado. - Iniciación ao significado etimolóxico das palabras. - Latinismos e locucións latinas máis frecuentes. - Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual. - Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas. - Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal. - Introducción á flexión nominal e verbal. - Estructuras oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. - Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino. - Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios. - Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas. - A perduración das institucións políticas procedentes da cultura e da civilización latinas. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

UD	Título da UD	Duración
3	Lingua e cultura latina III	33

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina; concretamente, a importancia das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia posterior.	PE	93
CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos.	Valorar a diversidade á que dá orixe o latín, identificando as semellanzas e as diferenzas entre os seus elementos e os das linguas propias; concretamente, explicando os procesos de evolución fonética que tiveron lugar desde os étimos latinos ata os resultados nas linguas romances actuais.		
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos das linguas do repertorio propio e proponendo a correspondencia dos étimos nas linguas romances actuais (fundamentalmente, o galego e o castelán).		
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas recoñecendo os elementos latinos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1.1. - Interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Interpretar e explicar os elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos esenciais da lingua latina, con especial atención á correcta comprensión e desenvolvemento de modelos flexivos dos sistemas de flexión nominal, verbal e pronominal.		
CA3.1.2. - Analizar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Analizar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos esenciais do latín, identificándoos e comparándoos cos das linguas propias, con especial atención, na análise dos elementos lingüísticos das oracións, á distinción da clase de palabras, caso, xénero, número e funcións sintácticas desempeñadas.		
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar oracións e textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta nas linguas de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.		
CA4.1.2. - Describir o significado dos produtos culturais materiais do presente (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas, etc.), no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado dos produtos culturais materiais do presente (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas, etc.), comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.		
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica e a relixión, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.		
CA4.4 - Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado.	Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna.		
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos e expresar oralmente textos breves e sinxelos sobre asuntos da vida cotiá, co fin de informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	TI	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación sobre o legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente.		
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.		Baleiro	0
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade. - Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura. - Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos. - Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica. - Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión... - Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia. - Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín. - Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino. - Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado. - Iniciación ao significado etimolóxico das palabras. - Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos. - Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual. - Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas. - Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal. - Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal. - Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.

Contidos

- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.
- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.
- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.
- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.
- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.
- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.
- A perduración dos legados material (os sitios arqueolóxicos, as inscricións e as construcións monumentais e artísticas) e inmaterial (a mitoloxía clásica, a oratoria, o dereito, os rituais e as celebracións) da cultura e da civilización latinas.
- Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

En cada unha das unidades, o profesor presentará en primeiro lugar os contidos de carácter cultural para obter un marco no que posteriormente encaixarán os contidos gramaticais. Como norma xeral, os contidos culturais presentaranse mediante clase maxistral, con materiais propios do profesor, e apoiados por recursos dixitais, fundamentalmente imaxes. Algúns destes contidos, tal como consta na distribución do currículo, serán obxecto de traballos de investigación por parte do alumnado, coa guía do profesor.

Os contidos gramaticais tamén serán explicados polo profesor e proporcionarase o material necesario para a súa comprensión. O alumnado traballará mediante rutinas de pensamento para aplicar os coñecementos teóricos ás técnicas de tradución. Esas rutinas de traballo en clase terán carácter repetitivo, tanto a nivel individual como cooperativo. Será o alumnado quen propoña distintas solucións de análise e tradución, facendo postas en común. O profesor acompañará o proceso e resolverá dúbidas.

Os materiais de elaboración propia estarán dispoñibles a través da plataforma E-Dixgal, así como a maior parte dos exercicios propostos. Todo o alumnado conta con ordenadores na aula.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libros de texto
Recursos en liña
Aula virtual Edixgal
Dicionarios e vocabularios Latín-Galego e/ou Latín-Castelán

- Libros de texto de calquera editorial, dispoñibles no departamento, tanto para proporcionar exercicios adicionais como para levar a cabo ampliación de contidos ou traballos de investigación.
- Aula virtual Edixgal, con contidos elaborados polo profesor e dicionarios en liña.
- Outros libros de consulta, dispoñibles na biblioteca.
- Dicionarios físicos, dispoñibles no departamento.
- Proxector e pizarra dixital.
- Ordenadores do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Latín de 4º de ESO non é continuidade de ningunha outra materia. Hai que ter en conta, porén, que o alumnado ou, cando menos, parte del, pode ter cursado Cultura Clásica en 3.º de ESO. Así pois, a avaliación inicial debe ter como obxectivos:

- 1.º Detectar e/ou confirmar que alumnado cursou en 3.º ESO Cultura Clásica.
- 2.º Detectar e/ou confirmar que alumnado está a cursar en 4.º de ESO Cultura Clásica.
- 3.º Detectar e/ou confirmar a presenza de alumnado con NEAE (esta información será contrastada posteriormente co Departamento de Orientación).
- 4.º Coñecer cales son as motivacións que levaron ao alumnado a escoller a materia de Latín.
- 5.º Coñecer cal é o grao de conectividade a internet fóra do centro.
- 6.º Saber cal é o grao de coñecemento do alumnado sobre a civilización e cultura romana.

Para alcanzar estes obxectivos a/o docente debe elaborar un test ou proba que o alumnado debería completar nunha das primeiras sesións. En función do número de alumnado, partes deste test ou proba poden ser substituídas por un diálogo informal na aula, do que a información máis salientable debe ser recollida por escrito. Os datos e información obtida nesta avaliación inicial deben servir para modificar ou adaptar a programación ás circunstancias concretas do grupo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	30	50	100
Proba escrita	95	100	93	96
Táboa de indicadores	5	0	7	4

Criterios de cualificación:

A situación de cada unidade didáctica no seu respectivo trimestre (“Lingua e cultura latina I” no primeiro trimestre, “Lingua e cultura latina II” no segundo trimestre e “Lingua e cultura latina III” no terceiro trimestre) está pensada para que a cualificación de cada unha delas se corresponda coa cualificación outorgada na súa respectiva avaliación. Deste modo, as notas parciais da 1.ª, da 2.ª e da 3.ª avaliación serán coincidentes coas das unidades didácticas 1, 2 e 3, respectivamente.

Con respecto á unidade didáctica 1 (“Lingua e cultura latina I”), a súa avaliación componse de tres elementos principais: dúas probas escritas (que contan un 95% da cualificación) e un traballo (que conta un 5%).

1. A primeira proba escrita estará cualificada sobre 10 puntos, que se ponderarán de xeito que conten o 35% da cualificación total da unidade didáctica. Versará sobre contidos teóricos e terá unha estrutura baseada nos criterios de avaliación (CA) que se especifican na distribución do currículo por unidades didácticas. O reparto dos 10 puntos entre estes criterios de avaliación será o seguinte:

CA2.1 (procesos de evolución fonética): 0,8 puntos

CA2.2 (resultados das evolucións fonéticas): 0,2 puntos

CA2.3 (latinismos e locucións): 1 punto

CA3.1.1 (modelos de flexión nominal e verbal): 6,5 puntos

CA4.2 (transmisión textual, orixes e fases do latín): 0,75 puntos

CA1.3 (períodos da historia de Roma): 0,75 puntos

2. A segunda proba escrita estará cualificada sobre 6 puntos, é dicir, contará un 60% da cualificación total da unidade didáctica. Versará sobre contidos prácticos de análise e tradución e terá unha estrutura baseada nos criterios de avaliación (CA) que se especifican na distribución do currículo por unidades didácticas. O reparto dos 6 puntos entre estes criterios de avaliación será o seguinte:

CA3.1.2 (análise morfosintáctica): 3 puntos

CA3.2 (tradución dos textos): 2,5 puntos

CA3.3 (retroversión de oracións): 0,5 puntos

3. O traballo correspondente ao primeiro trimestre estará cualificado sobre 0,5 puntos, é dicir, contará un 5% da cualificación total da unidade didáctica. Versará sobre contidos prácticos (recoñecer o sentido global de textos latinos e interpretar de maneira crítica o seu contido) e tamén teóricos (explicar o carácter clásico e humanista da civilización latina). A súa estrutura estará baseada nos criterios de avaliación (CA) que se especifican na distribución do currículo por unidades didácticas. O reparto dos 0,5 puntos entre estes criterios de avaliación será o seguinte:

CA1.5 (contextualización dos textos): 0,2 puntos

CA1.6 (interpretación crítica dos textos): 0,2 puntos

CA1.4 (explicación do carácter clásico e humanista): 0,1 puntos

No referido á unidade didáctica 2 (“Lingua e cultura latina II”), a súa avaliación componse unicamente de dúas probas escritas (que contan o 100% da cualificación).

1. A primeira proba escrita estará cualificada sobre 10 puntos, que se ponderarán de xeito que conten o 50% da cualificación total da unidade didáctica. Versará sobre contidos teóricos e terá unha estrutura baseada nos criterios de avaliación (CA) que se especifican na distribución do currículo por unidades didácticas. O reparto dos 10 puntos entre estes criterios de avaliación será o seguinte:

CA2.1 (procesos de evolución fonética): 0,8 puntos

CA2.2 (resultados das evolucións fonéticas): 0,2 puntos

CA2.3 (latinismos e locucións): 1 punto

CA3.1.1 (modelos de flexión nominal e verbal): 6 puntos

CA1.2 (sociedade romana): 1 punto

CA4.1.1 (estruturas institucionais e políticas): 1 punto

2. A segunda proba escrita tamén estará cualificada sobre 10 puntos, que se ponderarán de xeito que conten o outro 50% da cualificación total da unidade didáctica. Versará sobre contidos prácticos de análise e tradución e terá unha estrutura baseada nos criterios de avaliación (CA) que se especifican na distribución do currículo por unidades didácticas. O reparto dos 10 puntos entre estes criterios de avaliación será o seguinte:

CA3.1.2 (análise morfosintáctica): 5 puntos

CA3.2 (tradución dos textos): 5 puntos

Finalmente, no tocante á unidade didáctica 3 (“Lingua e cultura latina III”), a súa avaliación componse de dúas probas escritas (que contan o 90% da cualificación) e un proxecto de investigación (que conta o 10% da cualificación).

1. A primeira proba escrita estará cualificada sobre 10 puntos, que se ponderarán de xeito que conten o 45% da cualificación total da unidade didáctica. Versará sobre contidos teóricos e terá unha estrutura baseada nos criterios de avaliación (CA) que se especifican na distribución do currículo por unidades didácticas. O reparto dos 10 puntos entre estes criterios de avaliación será o seguinte:

CA2.1 (procesos de evolución fonética): 0,8 puntos

CA2.2 (resultados das evolucións fonéticas): 0,2 puntos

CA2.4 (etimoloxías): 1 punto

CA3.1.1 (modelos de flexión nominal, verbal e pronominal): 5 puntos

CA1.1 (literatura latina): 1 punto

CA4.1.2 (legado material): 1 punto

CA4.3 (mitoloxía e relixión): 1 punto

2. A segunda proba escrita estará cualificada sobre 10 puntos, que se ponderarán de xeito que contén o 45% da cualificación total da unidade didáctica. Versará sobre contidos prácticos de análise e tradución e terá unha estrutura baseada nos criterios de avaliación (CA) que se especifican na distribución do currículo por unidades didácticas. O reparto dos 10 puntos entre estes criterios de avaliación será, aproximadamente, o seguinte:

CA3.1.2 (análise morfosintáctica): 5,55 puntos

CA3.2 (tradución dos textos): 4,45 puntos

3. O proxecto de investigación correspondente ao terceiro trimestre estará cualificado sobre 1 punto, é dicir, contará un 10% da cualificación total da unidade didáctica. No proxecto, o alumnado traballará técnicas de investigación sobre o legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente (con especial atención ás pegadas da romanización na contorna), empregando habilidades de planificación e de expresión oral de textos breves. A súa estrutura estará baseada nos criterios de avaliación (CA) que se especifican na distribución do currículo por unidades didácticas. O reparto dos 0,5 puntos entre estes criterios de avaliación será o seguinte:

CA4.4 (pegadas da romanización na contorna): 0,3 puntos

CA4.5 (legado material e inmaterial): 0,6 puntos

CA3.4 (expresión oral): 0,1 puntos

Por último, cómpre mencionar que a cualificación final do curso será o resultado de ponderar as tres notas das unidades didácticas pola porcentaxe asignada a cada unha delas (20% á primeira, 30% á segunda e 50% á terceira). Deste modo, a fórmula de cálculo será a seguinte:

$(\text{nota da UD1} \times 0,2) + (\text{nota da UD2} \times 0,3) + (\text{nota da UD3} \times 0,5) = \text{cualificación final}$

Criterios de recuperación:

Con respecto aos criterios de recuperación, hai que puntualizar que, debido ao carácter continuo e progresivo da avaliación da materia, se, tras realizar o cálculo da nota final mediante a fórmula anterior, o alumno ou alumna non alcanza unha cualificación de 5, poderá superar a materia recuperando as partes suspensas mediante o seguinte procedemento:

1. Superar no terceiro trimestre os criterios avaliados na proba sobre contidos prácticos de análise e tradución da unidade didáctica 3 (CA3.1.1 e CA3.2), cuxas puntuacións substituirían ás anteriormente obtidas neses criterios nas dúas anteriores avaliacións.

2. Superar unha proba de recuperación adicional que volva avaliar os criterios non aprobados con anterioridade, incluídos, de ser o caso, os criterios mencionados no punto anterior.

6. Medidas de atención á diversidade

Realizada a avaliación inicial (AI) e en coordinación co Departamento de Orientación, hanse poñer en práctica as medidas de atención á diversidade que correspondan. As máis frecuentes neste curso serán as ordinarias e, dentro destas, as que se recollen na seguinte enumeración:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. Trátase neste punto, por exemplo, da colocación do alumnado na aula (proximidade á persoa docente, agrupación en parellas, etc.).

- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

- Programas de recuperación. A elaboración dun programa específico para recuperar as avaliacións e tamén a materia no seu conxunto debe ser unha medida a considerar no caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

En todo caso, a posta en práctica dunha destas medidas ou de calquera outra non relacionada anteriormente deberá facerse baixo a supervisión e en estreita colaboración co Departamento de Orientación e o resto do equipo educativo. O alumnado repetidor será obxecto dun plan e seguimento específico. Sería moi recomendable que neste plan se recollasen os circunstancias concretas que dificultan o proceso de aprendizaxe da/o alumna/o en cuestión e que as medidas se deseñen tendo en conta estas circunstancias.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita.	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual.			X
ET.3 - A competencia dixital.	X	X	X
ET.4 - O emprendemento social e empresarial.		X	
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.6 - A educación emocional e en valores.	X	X	X
ET.7 - A igualdade de xénero.	X	X	X
ET.8 - A creatividade.			X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á biblioteca do centro.	O alumnado visitará a biblioteca do centro para coñecer que recursos relacionados co latín en particular e coa cultura romana en xeral ten a biblioteca escolar.	X		
Visita a exposición/s ou escavación/s arqueolóxica/s próximas ao centro.	O alumnado visitará exposición/s ou escavación/s arqueolóxica/s próximas ao centro, nas que se traballe con restos arqueolóxicos da época romana.			X
Asistencia a unha obra de teatro clásico no propio centro.	Durante o segundo trimestre farase no centro unha actividade didáctica sobre o teatro clásico, coa representación dunha obra en galego.		X	
Viaxe cultural.	Intentarase unha visita á cidade de Mérida ou a algún xacemento arqueolóxico destacado da península Ibérica.			X

Observacións:

As visitas e viaxes son de temporalización aproximada: dependerá da dispoñibilidade do centro e das datas nas que outros departamentos organicen as súas actividades.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación.
Metodoloxía empregada
2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado.
3. Os resultados de avaliación ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso.
Medidas de atención á diversidade
4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE, identifícase a súa casuística particular e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación.
Clima de traballo na aula
5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis coa persoa docente é alto e responde ao planificado na programación.

Descrición:

Estes cinco indicadores son esenciais neste punto da programación e esixen unhas metodoloxías e temporalizacións distintas para poderen ser medidos:

- O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. Para avaliar este indicador de logro a persoa docente debe revisar con regularidade que tanto os contidos, os tempos e o modo en que se está a traballar na aula son os que se corresponden co establecido na programación. En caso de que haxa diverxencias, estas, así como as súas causas, deben ser consignadas nas actas de departamento para, ao cabo do curso, facer unha valoración que sirva para modificar a programación do curso seguinte. O feito de que a aplicación PROENS estableza un seguimento por UD marca xa a temporalización deste traballo.
- Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado. A persoa docente, especialmente en grupos que adoitan ter un número de alumnado pequeno, normalmente ten unha previsión dos resultados que terán as persoas discentes en base ás súas observacións diarias na aula. É importante que esta previsión se cumpra, dado que iso evidenciará que a observación e as impresións recibidas durante a avaliación son as correctas. Este acerto na previsión permitirá á persoa docente dar consellos útiles e, no seu caso, tomar as medidas oportunas para que o alumnado mellore o seu rendemento académico, de ser o caso.
- Os resultados ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso. Derivación lóxica do indicador de logro anterior, este pretende medir o acerto da observación como, en particular, a efectividade das medidas tomadas durante o curso para mellorar o rendemento académico do alumnado.
- Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE, a súa casuística particular e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación. A avaliación deste indicador de logro pódese facer a principios do mes de novembro, momento no que todo o alumnado con necesidades especiais de apoio educativo debería estar identificado e as medidas a tomar xa planificadas. Ademais da observación directa da persoa docente na aula, é moi importante o correcto aproveitamento e deseño da avaliación inicial e, en especial, a coordinación e contacto habitual co Departamento de Orientación.
- O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis coa persoa docente é alto e responde ao planificado na programación. A satisfacción do alumnado co traballo realizado na aula pola persoa docente é, seica, un dos aspectos menos desenvolvidos na práctica docente en xeral e que, porén, pode, ben administrado, ser unha fonte moi positiva e rendible de información tanto para o enfoque da materia dende un punto de vista académico como dende o punto de vista do labor docente. O mellor procedemento para medir este indicador de logro é un cuestionario anónimo que

se proporá ao alumnado para que cubra ao final de cada avaliación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1. Procedemento de seguimento.

Ao remate de cada unidade didáctica hase proceder a consignar no apartado de seguimento da programación da aplicación PROENS os datos que esta requira (data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións). Ademais, na acta da reunión de departamento, hase facer cando menos unha breve referencia ao seguimento da programación.

2. Procedemento de avaliación.

Para avaliar a programación a final de curso hanse ter en conta os seguintes parámetros:

- a. Resultados académicos do grupo.
- b. Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.
- c. Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, causas dos incumprimentos.

A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de modificacións e mellora para o curso vindeiro, que se deben reflectir na memoria de final de departamento e máis na programación do seguinte curso.

9. Outros apartados